

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10

SESION EXTRAORDINARIA DO 4 DE XULLO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Araújo Pereira, Marcos

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día catro de xullo do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González,

Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente o concelleiro e xustifica a súa ausencia o Sr. Araújo Pereira. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión extraordinaria do Concello convocado para o día de hoxe ás 9 horas. Ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno que ten un único punto.

1.-(125).- TOMA DE COÑECEMENTO POLO PLENO DO CONCELLO DE VIGO DAS DESIGNACIÓNS REALIZADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS COMO REPRESENTANTES DESTE CONCELLO NA ASEMBLEA DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- De conformidade co establecido no artigo 6 da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, “Elección das concelleiras e dos concelleiros metropolitanos”, por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de maio de 2012, o voceiro do Grupo municipal do **BNG**, comunica que os membros designados do devandito grupo para formar parte na Asemblea da Área Metropolitana de Vigo, son os seguintes:

- D. Santiago Domínguez Olveira.
- D^a Iolanda Veloso Ríos

Igualmente e por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xuño, o voceiro do grupo municipal do **Partido Popular** indica que os membros do seu Grupo designados son os seguintes:

- D. José Manuel Figueroa Vila
- D. Roberto Relova Quinteiro.
- D. Marcos Araújo Pereira
- D^a Teresa Cendón Alonso
- D^a Teresa Egerique Mosquera
- D. Miguel Fidalgo Iglesias
- D^a Marta Iglesias Bueno
- D. José Luis Álvarez Pérez
- D. Antonio Bernárdez de Dios
- D. Pablo Beiro Diz
- D^a M^a Ángeles García Míguez
- D^a Alexia Alonso Alonso

Non se presentan designacións por parte do Grupo político municipal Socialista.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Recibíronse designacións do Bloque Nacionalista Galego con dous membros e do Grupo do Partido Popular con doce membros. Non hai designación por parte do Grupo Socialista e polo tanto este Pleno toma coñecemento para os efectos oportunos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dende o Bloque Nacionalista Galego temos que dicir que hoxe aquí se consuma algo que nós viñamos denunciando e criticando reiteradamente.

Cando se aprobou a Lei de área metropolitana no Parlamento de Galicia nós dicíamos que esta lei nacía morta pola intransixencia do goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular de querer iniciar ou continuar un camiño que aló polo ano 1999-2000 iniciouse nesta cidade que era o camiño do consenso, de traballar conxuntamente a prol de algo que todo o mundo, Partido Socialista, Partido Popular e por suposto BNG, tiñamos dito daquela, a necesidade de vertebrar o territorio en torno a unha grande área metropolitana abandeirada pola cidade máis importante desa área que era Vigo.

Daquela o Partido Socialista, o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego tiñamos todos un horizonte e un camiño común que era dotar á Área Metropolitana de Vigo dunha vertebración e duns servizos que fixesen que os cidadáns e cidadás da nosa área tivesen mellores servizos e maior proxección. Daquela tanto o Partido Socialista como o Partido Popular concluían, xunto con nós, que era o mellor

camiño para dotar a Vigo da importancia que merece e ten, repito. Daquela o Partido Socialista, Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego falabamos todos de que Vigo tiña que liderar unha grande eurorrexión e que para iso era fundamental que liderara tamén unha grande Area Metropolitana.

O Partido Popular no goberno de Galicia botou por terra este traballo de consenso sinxelamente por unha cuestión partidista e porque non quixo nunca eliminar o papel da Deputación e crear un verdadeiro ente con competencias claras e reais.

Hoxe tamén hai un cómplice absoluto desta desfeita: o Partido Socialista e o alcalde desta cidade. Non podemos entender como aquel alcalde que se erixiu e pediu retiradamente a Presidencia da Área Metropolitana, hoxe renuncie mesmo a formar parte desta Área. Non o podemos entender. Unha vez máis non Vigo senón o seu alcalde, vai abandeirar o enfrontamento por riba da unanimidade, vai liderar a división por riba do que esta cidade merece e necesita que é o traballo ao unísono de todas as forzas políticas para acadar a unidade, para dotar aos nosos veciños e veciñas dos mellores servizos.

Neste momento coa renuncia do Partido Socialista a nomear aos seus representantes estase vulnerando algo moi importante como son as ganas de traballar por esta cidade, estanse poñendo por riba dos intereses desta cidade os intereses partidistas e a lea política á que o Partido Socialista e o Partido Popular nos teñen acostumados nos últimos meses.

O Bloque Nacionalista Galego si vai participar na Área Metropolitana co seu espírito crítico, dicindo o que non nos gusta desta lei que son moitas cousas, pero intentando sempre, como seguiremos facendo, que haxa traballo conxunto e unanimidade.

Hai uns días dixen que o lóxico sería que os tres partidos políticos que imos formar a Área chegáramos a un acordo para que todas as decisións se tomen por unanimidade na futura comisión de goberno. É a forma de traballar por esta cidade. Nós non imos permitir dentro da Área Metropolitana que ninguén governe Vigo, o BNG non vai permitir que ningunha maioría governe por riba de Vigo. O BNG vai defender sempre os intereses dos vigueses e viguesas, pero os imos defender dende o diálogo, a reflexión e sobre todo dende o que esta cidade necesita. Co enfrontamento e con estar ausentes daquelas institucións que se crean por lei non se vai cambiar nin esta Área metropolitana, nin se vai defender mellor a Vigo.

Sinxelamente o alcalde de Vigo hoxe acaba de decidir que non quere defender a esta cidade porque vai estar ausente dun organismo onde entre todos si que a temos que defender.

SR. LÓPEZ FONT: O Partido Socialista non vai participar nunha lei inconstitucional. É a segunda agresión do Partido Popular e da Xunta de Galicia a esta cidade. Coa Lei de caixas xa houbo unha lei claramente inconstitucional que o único que pretendía era agredir a esta cidade, xa vemos os resultados.

A Lei da Área Metropolitana é a maior traizón á cidade de Vigo que se lembra, é a maior agresión a esta cidade que fixo un goberno do Partido Popular coa complicidade dos concelleiros do Partido Popular, concelleiros que son de Vigo pero que non defenderon nin nunca defenden a esta cidade.

O alcalde de Vigo e o Grupo municipal Socialista non van participar no desenvolvemento dunha lei claramente inconstitucional que supón a maior incautación a esta cidade. Unha lei que ten única e exclusivamente un obxectivo partidista do Partido Popular que é gobernar esta cidade dende fóra.

Esta é a Lei da Área Metropolitana que quixo facer o Partido Popular e cada quen ten que reflexionar sobre a súa postura diante desta lei. Os socialistas reflexionamos moito e fixemos moito pola Área Metropolitana pero con esta Lei o Partido Popular o único que fixo en primeiro lugar foi romper o espírito do consenso cunha senda de mentiras ao longo do desenvolvemento desta lei absolutamente inconcibible, cun borrador de lei entregado ao alcalde de Vigo que non se axustou ao que se presentou con posterioridade. Vaille explicar o Partido Popular á cidadanía de Vigo por que emenda a súa propia lei en contra dos intereses desta cidade? Porque isto é o que realmente lles importa aos vigueses.

Os socialistas mantemos o espírito de consenso, quen rompeu ese espírito de consenso foi o Partido Popular.

Esta é a Lei das mentiras porque dificilmente se pode afirmar que representando Vigo o 62% da poboación da Área Metropolitana e, como lembrarán os representantes do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular, estando en todos os borradores representada nun 47% nos órganos de goberno, o Partido Popular reduce e somete a esta cidade a unha representación do 7,1% lineal como a dos demais concellos.

Con todos os respectos, non vou citar a ningún concello pero non é de recibo que un deles, co beneplácito e co voto a favor dos 13 concelleiros do Partido Popular que teño enfronte, represente tanto como a cidade de Vigo.

Isto non estaba en ningún borrador, non era a pretensión de Área Metropolitana nin nunca o foi, pero é o Partido Popular quen ten que responder á cidadanía e dicirlle por que traizoou á cidade de Vigo. Por que consente esta incautación. Por que consente que nós si paguemos como cidade o 62%, paradoxos da Lei, e nos órganos de decisión teñamos o 7,1%. Señores do Partido Popular débenlle unha explicación a esta cidade.

Por todo isto e como dicía ao principio nós non imos participar nesta Lei. O motivo da nosa decisión ven dada pola agresión do Partido Popular.

Dixéronse moitas mentiras, mesmo se chegou dicir que se goberna dende a Asemblea da Área Metropolitana, pero é absolutamente falso porque se goberna dende a Xunta de Goberno e aí é onde se someteu á cidade de Vigo a quedar nas mesmas condicións ca o resto das localidades que compoñen a Área Metropolitana. O colmo foi que se chegou dicir que esta Área era igual ca de Barcelona. Sr. Figueroa, voceiro do Partido Popular, xa lle dixemos moitas veces que primeiro defende dunha vez á cidade de Vigo e en segundo lugar é moi sinxelo, se están vostedes convencidos de que esta Lei é idéntica á de Barcelona, cambiámola ao momento. Poden vostedes dicirlle ao seu Grupo parlamentario do Parlamento de Galicia que se proceda á transposición inmediata desta Lei substituíndo a palabra Barcelona pola de Vigo.

Ademais se vulnerou algo que se refire ás transferencias entre Deputación e Xunta de Galicia porque isto tamén formaba parte do espírito da lei pero este espírito tamén foi roto. Que coincidencias, novamente o Partido Popular defendendo o papel das deputacións, novamente obedecendo as ordes do Sr. Núñez Feijóo e só cargando contra a cidade de Vigo o mantemento da Área Metropolitana.

Rematarei como comecei: Señores do Partido Popular, deberían avergoñarse de ser concelleiros da cidade de Vigo, de consentir que o seu propio partido presente unha Lei que o único que fai é unha gran traizón a Vigo, unha incautación total do que representa a autonomía municipal. Xa son cinco anos en contra dos intereses desta cidade, sería bo que espertasen e defendesen a esta cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Nós pensabamos que hoxe sería un día importante para esta cidade pero semella que non o vai ser porque o Partido Socialista se empeña unha vez máis nun único obxectivo que é a confrontación, o enfrontamento con outras institución e mesmo co Pleno desta Corporación.

Hoxe acábase de demostrar claramente que hai un goberno en minoría nesta cidade porque o Bloque Nacionalista pode estar ou non de acordo cos criterios da Lei, pero si di que vai participar e o Partido Popular di que tamén vai participar na constitución da Área Metropolitana. Pero hai un partido, o Partido Socialista, que di que non e polo tanto quedan sós.

O que hai que lle dicir aos vigueses e ás viguesas é que hai un goberno feble e en minoría que non ten a maioría suficiente para sacar os temas importantes desta cidade, algo do que aínda non se decataron. Parece mentira que non saiban contar porque hai trece concelleiros do Partido Popular, tres de Bloque Nacionalista Galego e once que están en solitario; trece máis tres serían dezaseis concelleiros a favor de que se constituía a Área Metropolitana. Dito isto que é o que ao final importa, hai que facer un pouco de historia sobre o que aconteceu coa Área Metropolitana.

É certo que se comezou traballar no tema da Área nos anos 1999-2000 cun consenso xeneralizado onde houbo moita xenerosidade, moita comprensión, cooperación e moito traballo, pero chegamos ao ano 2005 e un presidente socialista na Xunta de Galicia meteuna nun caixón. Ese proxecto que saíra do consenso da Área Metropolitana entre Vigo e os demais trece concellos meteuse nun caixón na Xunta de Galicia no ano 2005 e logo pretenderon un consorcio, como tamén dende unha Xunta de Galicia do Partido Socialista pretendeuse constituír a Área Metropolitana da Coruña porque o relator daquela era cidadán da Coruña. Fundamentalmente paralizouse por iso.

Despois chegou un alcalde que fixo unha serie de propostas. Primeiro non sei se lembrarán unha carta de municipalidade que nin se sabe, nin se contesta onde está, nin se puxo nunca en marcha; díxose neste Pleno que había un estudo. Mentiuse e enganouse á cidadanía porque non houbo absolutamente nada.

Despois ese alcalde falou dunha Área Metropolitana de vinte e oito concellos, logo discutiuse e debateuse se a presidencia sería ou non para Vigo e cando dende o Partido Popular se lle dixo que non habería ningún problema porque estaría disposto a apoiar ao alcalde de Vigo para que fose presidente, abriuse outro debate

sobre a representatividade.

Cando a representatividade significa o 47%, de 52 membros dos que 24 son de Vigo, dise que non, que é inconstitucional. Logo encargouse un informe externo que custou 18.000 euros do que xa temos a factura. Fíxose cun contrato menor, que casualidade que xa está pagado, que rápido se pagou porque os membros desta Corporación aínda non o teñen. Custou unha cantidade ao bordo do que permite a lei para un contrato menor, un informe de parte, para que a persoa que o fai, contra a que non temos nada senón todo o contrario, diga que é imposible que prospere un recurso de constitucionalidade porque este Concello non é competente e non ten a lexitimidade, para nos dar esa conclusión dun xeito tan claro e contundente.

O que queren vostedes é que a Xunta de Galicia do presidente Feijóo non cumpra os compromisos con Vigo, pero ese compromiso da Área Metropolitana está nun programa electoral e o presidente Feijóo e a Xunta de Galicia si que cumpren con Vigo e non vostedes que boicotean todos os investimentos, máis de 1.250 millóns de euros de investimentos da Xunta de Galicia en Vigo que vostedes están boicoteando.

Están enganando á cidadanía porque queren o enfrontamento, non queren que Vigo prospere. nin que a Xunta de Galicia nin outras administracións invistan nesta cidade.

A maiores agora descubrimos xa a outra parte, a parte escura que é que a Lei fala de transporte metropolitano, de recollida de residuos sólidos e dunha serie de servizos básicos e o Concello de Vigo está facendo a ampliación de todos eses contratos porque lle interesa máis. Ese é o interese que ten o alcalde e o seu equipo de goberno: facer a ampliación do contrato con Aqualia cun custo elevado para os cidadáns, a ampliación de Vitrasa que está enriba da mesa e sabemos que se vai traer cedo e a ampliación doutros servizos básicos. Ese é o gran problema, é a verdade do que está acontecendo hoxe neste Pleno.

Pero o fundamental é que vostedes hoxe lle demostran á cidadanía que están en minoría. Eu agradezo a honestidade e a honradez do Bloque Nacionalista Galego que aínda que non está de acordo participa. Ese é o sentido da democracia, dun estado de dereito e non o que fan outros que agochan as súas coitas noutros temas e por iso non queren participar e non é que teñan medo, defenden outro tipo de

intereses totalmente distintos dos que defendemos o interese xeral.

Nós estamos moi orgullosos da defensa que facemos dos intereses da nosa cidade e imos seguir traballando nesta dirección.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, eu como presidente deste Pleno quéro lle transmitir á cidade que vou seguir defendendo os intereses de Vigo e vou estar na contra de calquera intento de menoscabalo.

A Lei da Área Metropolitana é unha lei que menoscaba seria e gravemente os intereses desta cidade formando un goberno de catorce alcaldes e alcaldesas, no que o alcalde ou alcaldesa de Vigo que estea en cada momento terá o mesmo voto que calquera dos outros trece alcaldes da Área Metropolitana.

No proxecto que se lle entregou a este Concello Vigo, que significa o 62% da poboación da Área Metropolitana, tiña no goberno un 47,5% dos votos. Ese foi o proxecto que se lle entregou a este alcalde.

Na tramitación parlamentaria o Grupo Popular cambiou ese dato central e básico e do 47,5% de voto que Vigo tiña no goberno da Área Metropolitana, cambiouse a un voto entre catorce. Ese elemento rompe seriamente a proporcionalidade que se require nos órganos territoriais, significa que dous alcaldes de dous municipios, con todos os respectos cara eles, que totalicen 7.000 votos terán o dobre de voto que o alcalde de Vigo que totaliza 300.000. Isto, nunha Área Metropolitana con serias competencias, é un tema de extrema gravidade para esta cidade e claramente institucional porque non respecta a proporcionalidade esixible en todos os órganos de goberno, polo tanto desvirtúa e dana gravemente a esta cidade.

De acordo cos técnicos e cos xuristas do Concello, coma alcalde vou defender os intereses desta cidade. Polo tanto xa lles adianto que terán ocasión de pronunciarse neste Pleno sobre a grave cuestión de inconstitucionalidade da Lei da Área Metropolitana.

Este Pleno requiría a súa convocatoria por imperativo legal que o alcalde de Vigo cumpre, porque sempre cumpre as leis.

A partir de agora seguiremos vendo quen defende Vigo e quen o condena a seren usurpado do seu poder lexítimo por alcaldes doutras áreas.

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación o

anteriormente exposto.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.